

O legado dos clásicos

Andersen, Verne e Cervantes



DORINDA CASTRO SOLIÑO

A editorial Xerais súmase aos actos de celebración do bicentenario do nacemento de Hans Christian Andersen, o primeiro centenario da morte de Jules Verne e o cuarto da publicación de *El Quijote*, cun rigoroso estudo titulado *Hans Christian Andersen, Jules Verne e El Quijote na literatura infantil do marco ibérico*, realizado baixo a coordinación de Blanca Ana Roig Rechou e a redacción de varios membros investigadores da “Red temática da investigación”, “Las literaturas infantiles y juveniles del marco ibérico” (LIJMI), xunto coas colaboracións e as achegas de outros especialistas nesta literatura.

O volume de máis de 250 páxinas é un interesante inventario das principais obras vertidas ás diversas linguas peninsulares dos tres autores homenaxeados e unha importante achega sobre as dificultades, peripecias e mesmo manipulacións que sufriron as súas obras no proceso de tradución, polo que supón tamén unha reflexión sobre o labor dos tradutores e unha aportación aos novidosos estudos de tradución e interpretación.

Despois dun glosario no que se definen os conceptos de adaptación, clásico, tradución e versión, o libro ofrécenos a cronobibliografía dos autores, inventario das súas obras vertidas á lingua castelá, catalá, galega, portuguesa e vasca, suxestións didácticas para traballar aspectos relacionados coas obras, bibliografía selectiva e a súa presenza en revistas, banda deseñada e nas novas tecnoloxías.

É, ademais, un volume multilingüe pois cada estudo aparece na correspondente lingua peninsular coa tradución ao galego dos traballos realizados en eusquera.

Se á nosa lingua nos referimos, podemos aprender con este ensaio as eivas habidas ao longo da historia no ámbito das traducións sobre todo na literatura infantil e xuvenil. Despois da publicación de *O Principiño* de Saint Exupéry, debida a Carlos Casares (1972), hai que agardar á década dos oitenta para poder atopar nas librarías este tipo de publicacións, que coincide co período chamado por Roig Rechou de “Consolidación”. O pulo, debeu-



se á demanda do sistema educativo, á creación da Asociación Galega de Tradutores e da Facultade de Tradución e Interpretación.

Parabéns, pois, a todo o equipo de autores e autoras que fixeron un importante labor de investigación e un novidoso traballo que de seguro é de interese para todos aqueles amantes dos autores estudados, do mundo da tradución e da literatura universal.

ROIG RECHOU, Blanca (coord.) *Hans Christian Andersen, Jules Verne e El Quijote*, Ed. Xerais, Vigo, 2005, 264 páxinas